



Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial
Ourense

Servizo de Relacións Laborais

Convenio comercio de materiais para a construción e saneamento

Expediente: 32/01/0002/2012

Data: 15.02.2012

Asunto: resolución de inscrición e publicación

Destinatario: Francisco Rodríguez García

Código de Convenio número 32000965012003

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense, subscriba o día 23 de xaneiro de 2012, polos/as membros da citada comisión, integrada; dunha parte, en representación da parte empresarial, polos/as designados/as pola Asociación de Empresarios de Materiais para a Construción (ASEMACO) e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representante/s designados/as pola central sindical Unión Xeral de Traballadores (UXT) fixando a revisión salarial para o ano 2012 e, de conformidade co disposto no artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común,

Esta xefatura territorial, acorda:

Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no rexistro, con funcionamento telemático, de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) ó abeiro do disposto no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, e notificación ás representacións empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense

En Ourense, ás 16.00 horas do día 23 de xaneiro de 2012, reúnen-se, nos locais da Confederación Empresarial de Ourense, situada na praza das Damas n.º 1, de Ourense, as representacións social e empresarial do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense, formadas polas persoas que se apuntan a continuación:

Parte social: UGT

Carlos Fernández Dacoba



Fernando Nóvoa Sánchez
Concepción López Caride
Parte empresarial: Asociación de Empresarios de Materiais
para a Construción: (ASEMACO)

Alfredo Abad Cid
Antonio Reverter Sánchez
Delmiro Miranda Álvarez

O obxecto da reunión é actualizar, para o segundo ano de vixencia do convenio, as condicións económicas deste, nos termos pactados no artigo 6 do vixente texto, que establece que no ano 2012 o incremento será o resultado de revisa-los salarios no exceso sobre o 2%, do IPC real de 2011, para a continuación sumar un incremento lineal de 10 euros máis un 1%. Constatándose que o IPC real de 2011, foi o 2,4%, actualízase a táboa salarial resultando as seguintes cantidades:

Táboa salarial 2012

Categorías / grupos / oficios; importe €

Grupo I.: dirección.

Director/a xeral de empresa.; 1.346,96

Xerente de empresa; 1.333,82

Grupo II.: técnicos/as

Titulado/a de grao superior; 1.215,14

Titulado/a de grao medio; 1.132,50

Contable; 938,24

Grupo III.: xefes/as e encargados/as

Xefe/a de sección ou departamento; 1.175,59

Encargado/a de sección ou departamento; 911,81

Grupo IV .: administración

Oficial administrativo e informático.; 911,82

Auxiliar administrativo; 859,11

Axudante administrativo; 793,11

Grupo V .: vendas.

Vendedor/a comercial viaxante; 911,82

Dependente/a ; 859,11

Grupo VI .: profesionais e especialistas.

Profesional de oficio de 1ª; 859,11

Profesional de oficio de 2ª; 806,43

Chofer vehículos pesados 1ª; 859,11

Chofer vehículos lixeiros 2ª; 806,43

Profesional de oficio de 3ª; 806,43

Mozo/a especializado; 806,43

Limpador/a ; 722,83

Outros conceptos.

Complemento de transporte urbano (día laborable de traballo efectivo); 3,16

Axuda de custo completa; 36,65

Media axuda de custo; 10,54

Quilometraxe (euros quilómetro); 0,20

Así mesmo, coa súa firma neste acto, autorizan como Comisión Paritaria, a María J. de Miguel Pérez, con DNI 34 962 616-V, para que faga os trámites e xestións oportunas para o rexistro, depósito e publicación no Boletín Oficial da Provincia das táboas salariais para 2012 do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, cando son as 16.30 horas no lugar e data expresados no encabezamento.

UGT:

Concepción López Caride, Fernando Nóvoa Sánchez, Carlos Fernández Dacoba

Asociación de Empresarios de Materiais para la Construción:

Alfredo Abad Cid, Antonio Reverter Sánchez, Delmiro Miranda Álvarez